# NOVAS DE ENSINO



Do 01 ao 07 de xuño

2017

Estamos X ti



# Í N D I C E:

1. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA AO RENDEMENTO ACADÉMICO
2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES
3. LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL
4. AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG
5. PROXECTO ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLAR
6. INSTRUCIÓNS PARA A PREINSCRICIÓN, ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
7. PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
8. ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DOS CORPOS DE PES, PT, EOI...
9. TRIBUNAIS QUE XULGARÁN A PROBA DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA NO CONCURSO-OPOSICIÓN
10. BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS
11. PROFESORES EN SECCIÓNS BILINGÜES DE ESPAÑOL EN EUROPA CENTRAL, ORIENTAL, TURQUÍA E CHINA
12. FORMACIÓN
13. OPOSICIÓNS 2017

## 1. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA AO RENDEMENTO ACADÉMICO

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




CONVOCADOS OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA AO RENDEMENTO ACADÉMICO CORRESPONDENTES AO CURSO 2016/2017

Orde do 23 de maio de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2016/17.

**O prazo de presentación de solicitudes será dun mes: do día 8 de xuño de 2017 e rematará o día 7 de xullo de 2017.**

**Para máis información prema aquí:**

## 2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS NON UNIVERSITARIOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2017/2018

Xúntase a Orde do 19 de maio de 2017 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2017/18.

**O prazo límite de presentación de instancias será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no DOG**

**Para máis información prema aquí:**

## 3. LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS DAS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO PARA O ANO 2017

Listaxe provisional de admitidos das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para o ano 2017

**Para máis información prema aquí:**

## 4. AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020, PARA O 2017

Orde do 29 de maio de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2017.

**Próxima publicación no DOG**

**Para máis información prema aquí:**

## 5. PROXECTO ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLAR

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



PROXECTO ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLAR 2017.

AMPLIACIÓN ORZAMENTARIA

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 31 de maio de 2017, pola que se amplía o orzamento dispoñible para a financiación do Proxecto Escornabots na biblioteca escolar do presenta ano 2017, convocado segundo resolución do 17 de abril de 2017.

**Para máis información prema aquí:**

## 6. INSTRUCIÓNS PARA A PREINSCRICIÓN, ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

INSTRUCIÓNS PARA A PREINSCRICIÓN, ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS ESCOLAS

OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA NO CURSO 2017/2018

Xúntase a Circular 3/2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión e matrícula nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2017-2018.

Circular 3/2017: Instrucións para a preinscrición, admisión e matrícula

**Para máis información prema aquí:**

## 7. PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR.

CONVOCATORIA 2017. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

Publicada a listaxe definitiva das cualificacións das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior.

A partir do día 5 de xuño poderanse solicitar os certificados da proba de acceso en calquera dos centros de inscrición (centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2016-2017).

**Para máis información prema aquí:**

## 8. ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DOS CORPOS DE PES, PT, EOI…

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DOS CORPOS DE PES, PT, EOI...

Pódense ver neste apartado os datos do profesorado que solicitou formar parte da Bolsa de Permutas proposta desde o Servizo de Profesorado de Secundaria, Formación Profesional e Ensinanzas especiais. (A información móstrase agrupada por disciplinas e con indicación da data na que se fai a actualización). Tamén se xunta outra información de interese relacionada con este tema.

A ACTUALIZACIÓN DOS DATOS FARASE CADA CERTO TEMPO EN FUNCIÓN DAS SOLICITUDES QUE HAXA E DAS POSIBILIDADES e poderanse ver desde a entrada correspondente ás permutas no menú. Polo tanto rógase a tódolos solicitantes que non envíen as peticións repetidas e que, no caso de obter destino definitivo desexado ou de non querer formar parte desta base por outra causa soliciten a baixa da mesma ao noso correo electrónico persoal.secundaria@edu.xunta.es para poder ofrecer a información o máis actualizada posible. No caso de querer facer algún cambio na solicitude tamén deben indicar que se trata dunha modificación.
Unha vez cuberto o **modelo de solicitude**, este debe **imprimirse** para poder gardar os datos escritos. A impresión pode facerse cunha impresora virtual que xerará un ficheiro en formato PDF. Esta impresora virtual pode descargarse no enderezo http://pdfcreator.es/

**Para máis información prema aquí:**

## 9. TRIBUNAIS QUE XULGARÁN A PROBA DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA NO CONCURSO-OPOSICIÓN

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS QUE XULGARÁN A PROBA DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA NO CONCURSO-OPOSICIÓN AO CORPO DE PES, TÉCNICOS DE FP, MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, MESTRES E PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES PARA O ANO 2017

Xúntase a composición dos tribunais que xulgarán a proba de acreditación de coñecemento da lingua galega no concurso-oposición ao corpo de profesores de ensino secundario, técnicos de formación profesional, música e artes escénicas, mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades para o ano 2017.

**Para máis información prema aquí:**

## 10. BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE DO 2 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE CINCO BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS




As universidades de destino son a do Algarve, Estremadura, Granada, Complutense de Madrid e Padua e o prazo de solicitudes para elas estará aberto desde mañá ao 6 de xullo

As persoas aspirantes ás universidades Autónoma de Barcelona, Cork, Deusto, Heidelberg e Miño, convocadas hai unha semana, poderán presentar a súa solicitude ata o día 26 de xuño

A Secretaría Xeral de Política Lingüística vén de convocar, por medio de dúas ordes publicadas no Diario Oficial de Galicia, dez prazas de profesorado-lector de lingua, literatura e cultura galegas noutros tantas universidades integradas na Rede de Lectorados e Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia. O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a *ORDE do 2 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de cinco bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas (ED110A)*, que ten como centros de destino as universidades do Algarve, a de Estremadura, a de Granada, a Complutense de Madrid e a de Padua. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde mañá ao vindeiro 6 de xullo.

O pasado día 24, o Diario Oficial de Galicia recolleu a *ORDE do 2 de maio de 2017 pola que se publican as bases e se anuncia a convocatoria pública para cubrir cinco prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas (ED110B),* que ten como universidades de destino a Autónoma de Barcelona, a de Cork, a de Deusto, a de Heidelberg e a de Miño. As persoas aspirantes a concorrer a elas, poden facelo xa ata o día 26 de xuño. Coas dúas convocatorias sinalas, o departamento dirixido por Valentín García renova 10 dos 27 centros que contan con profesorado-lector.

***Titulacións requiridas para optar ás prazas***

Entroutros requisitos, as persoas concorrentes a estas 10 prazas deben estar en posesión do título de Licenciatura en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Románica sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego, grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Estudos de Galego e Español ou Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios. Requírese tamén ter unha idade máxima de 35 anos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Ademais, ás prazas localizadas en Irlanda, Alemaña e Italia poderá presentarse tamén quen estea en posesión da Licenciatura en Tradución e interpretación sempre que acredite 27 créditos en materias de galego e 21 en materias de inglés ou ben da lingua oficial do país onde se localice o lectorado solicitado. Tamén poderán concorrer os graduados universitarios en Tradución e Interpretación, pero neste caso deberán acreditar 30 créditos de materias de galego e 21 en materias de inglés ou da lingua oficial do país de destino.

As persoas aspirantes terán que defender no mes de xullo, diante da comisión técnica de valoración constituída ao efecto, o proxecto didáctico que propoña aplicar no lectorado de destino, tal e como establecen as bases e os requisitos de participación das dúas convocatorias que xa se poden consultar no Portal da Lingua Galega

## 11. PROFESORES EN SECCIONES BILINGÜES DE ESPAÑOL EN CENTROS EDUCATIVOS DE EUROPA CENTRAL, ORIENTAL, TURQUÍA Y CHINA

**MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE**

*EXTRACTO DE LA RESOLUCIÓN DE 29 DE MAYO DE 2017, DE LA SECRETARÍA DEESTADO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y UNIVERSIDADES POR LAQUE SE CONVOCAN PLAZAS DE PROFESORES EN SECCIONES BILINGÜES DEESPAÑOL EN CENTROS EDUCATIVOS DE BULGARIA, CHINA, ESLOVAQUIA,HUNGRÍA, POLONIA, REPÚBLICA CHECA, RUMANÍA, RUSIA Y TURQUÍA PARA ELCURSO 2017-2018*




**Requisitos:**

a) **Candidatos de nueva incorporación**:

- Tener nacionalidad española.
- No padecer enfermedad que imposibilite el ejercicio de la docencia.
- Poseer la titulación requerida en la descripción de las plazas que se relacionan en el Anexo I con anterioridad a la finalización del plazo de presentación de solicitudes.
- Estar en posesión del Certificado de Aptitud Pedagógica o del título de Master que habilita para el ejercicio de la función docente en Educación Secundaria Obligatoria, Formación Profesional y Bachillerato, con la excepción de las plazas ofertadas para Maestros en Rusia y Turquía, exentas de este requisito

b) **Renovación de plaza**:

- Los candidatos que estén ocupando una plaza de profesor en este Programa en el curso 2016-2017 podrán solicitar la renovación de su participación en el Programa únicamente en la misma Sección bilingüe donde ejercen. No obstante, en el caso de supresión de una plaza, o de una Sección bilingüe, siempre que las autoridades del país lo permitieran, el profesor que no hubiera agotado los seis años de permanencia en el Programa podría solicitar la renovación de la plaza en otra Sección bilingüe
- Las renovaciones serán concedidas siempre que se cumplan, además de los requisitos exigidos para los candidatos de nueva incorporación, con los siguientes requisitos adicionales: - contar con el informe de conformidad del Centro de destino - contar con el informe favorable de la Consejería u Oficina de Educación del MECD que corresponda

**Remuneración/Dotación:**

- Una ayuda, por una cuantía máxima de 13.176 € por curso académico, excepto para los profesores destinados a Rusia, en cuyo caso la cuantía será de 17.580 €, y para los profesores destinados a China y Turquía, en cuyo caso la cuantía será de 9.600 €.
- Una ayuda, en concepto de gastos de viaje de ida y vuelta, de 1.000 €, salvo en el caso de China, que será de 1.200 €.

**Página web:**

www.mecd.gob.es

**Contacto:**

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

Subdirección Gral. de Cooperación Internacional y Promoción Exterior Educativa

Paseo del Prado, 28-3ª planta (28071 - Madrid)

Teléfonos: 91 506 57 16 - 91 506 56 21

correo-e: secciones.bilingues@mecd.es

**Para máis información prema aquí:**

**12. FORMACIÓN**

**FORMACIÓN SECTOR NACIONAL DE EDUCACIÓN**

IDIOMAS

GRADOS Y MÁSTERES
CONVENIO UNIVERSIDADES

CURSOS HOMOLOGADOS
UNIVERSIDADES

CURSOS HOMOLOGADOS
MECD




**Para máis información prema aquí:**

## 13. OPOSICIÓNS DOCENTES 2017




**Para acceder a todas as convocatorias prema aquí:**

**MADRID. OPOSICIONES MAESTROS 2017. CORRECCIÓN DE ERRORES. MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIONES.**
**25 DE MAYO DE 2017**




Resolución de 23 de mayo de 2017, de la Dirección General de Recursos Humanos, por la que se procede a la publicación de la corrección de errores de la Resolución de 26 de abril de 2017, de la citada Dirección General, por la que se convoca procedimiento selectivo para ingreso en el Cuerpo de Maestros y para adquisición de nuevas especialidades en el citado Cuerpo.

Fecha de publicación en BOCM: 25 de mayo de 2017

Enlace

**CSIF Nacional Enseñanza**

**CSIF Galicia Ensino**

**Blog Ensino Pontevedra**

**Herald Toupeiras**


DEFENDENDO O PÚBLICO
CSI•F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
ense15@csi-f.es
CSI•F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
ense77@csi-f.es
CSI•F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
ense27@csi-f.es
A CORUÑA
SANTIAGO
LUGO
PONTEVEDRA
OURENSE
CSI•F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
ensino36@csi-f.es
CSI•F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ense32@csi-f.es
NOVAS DE ENSINO
CSI·F Ensino